

Igualdade de Xénero

IES Agra de Leborís - A Laracha

Addenda á Programación didáctica

CURSO 22/23

A Programación Didáctica da materia de Igualdade de Xénero adaptarase segundo a Orde do 27 de decembro de 2022 na que se modifica o Calendario Escolar para o Curso 2022-2023

O apartado que se refire á avaliación, cualificación e promoción do alumnado modifícase só na parte que se refire á promoción do alumnado quedando redactada do seguinte xeito:

7. Instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e promoción do alumnado

No que se refire á promoción do alumnado, a cualificación final de xuño será a media aritmética das 3 avaliacións e para facer a media será necesario que o alumnado supere todas as avaliacións. ~~O alumnado coas tres avaliacións aprobadas poderá realizar un traballo complementario, durante o período entre a 3a avaliación e a final, que lle servirá para poder mellorar a nota final de xuño. De non ter as tres avaliacións aprobadas o alumnado deberá presentar, no período entre a 3a avaliación e a final, os traballos non entregados durante o curso ou repetir os que teña suspensos para poder recuperar as avaliacións non superadas; de non ser así terá que presentarse a unha proba escrita na convocatoria ordinaria de xuño baseada nos mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva.~~ O alumnado con algunha avaliación suspensa deberá ter presentados os traballos non entregados durante o curso e repetidos os suspensos antes do final da terceira avaliación para poder obter unha cualificación final positiva na materia. En casos excepcionais previa e debidamente xustificadas nos que non se puidesen presentar todos os traballos do curso, poderase establecer unha proba escrita final baseada nos mínimos esixibles que deberá ser superada para acadar unha avaliación positiva.